

Ademais do libro de texto, utilizaranse outros recursos como: apuntes, presentacións en PowerPoint, fichas, proxeccións de vídeos, textos, gráficas, mapas, etc, e calquera material susceptible de facilitar o proceso de aprendizaxe.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO DA ESO.

Haberá 3 avaliacións.

Os criterios de cualificación de cada avaliación serán:

A cualificación de cada avaliación será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumnado nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Instrumentos de avaliación

PE/AO= Probas escritas/actividades obxectivas de avaliación.

ETD= Traballos/Tarefas diversos propostos polo docente realizados na casa o una aula, así como o caderno do alumno e participación na aula.

A PE/AO: Probas escritas/actividades obxectivas de avaliación

Ponderación= 80%

Será/n puntuada/s de 0 a 10 puntos.

Ao menos farase unha por avaliación coa materia impartida, pero poderá haber máis dunha (para facilitar a tarefa do discente, seguindo o principio de atención á diversidade).

A media das devanditas PE/AO (Probas escritas/actividades obxectivas de avaliación) será ponderada, sendo o criterio do docente quen sinalara a porcentaxe que supoñen cada unha delas.

Criterios de corrección

Instrumento PE/AO	Valor total 80%			
Contidos	90%			
Calidades formais	10%	Orde e claridade na exposición. Capacidade de análise, e de relación. 4%	Precisión na utilización da terminoloxía 3%	Adecuada presentación e ortografía 3%

B ETD: Traballos propostos polo docente realizados na casa o una aula, así como o caderno do alumno.

Ponderación= 20%

Cada traballo/actividade/ exercicio será puntuado de 0 a 10 puntos. Do mesmo modo que o caderno do alumno. A nota deste apartado será a media ponderada do seguinte xeito:

Instrumento ETD	V. Total 20%	Contidos/aspectos formais/participación	Entrega dos traballos/exercicios	
Traballo de aula/casa	10%	7%	Sempre	As veces
			2%	1%
Valoración	Total %	Caderno ao día	Limpeza e orde	
Caderno alumno	5%	4%	1%	
Valoración	Total %	Responde ás cuestión plantexadas na clase	Leva a materia ao día. Participa activamente	Non presenta ningunha chamada á orde, nin parte
Participación na aula	5%	2%	2%	1%

A avaliación ordinaria de xuño

A cualificación final será a media aritmética de

PE/AO Probas escritas/actividades obxectivas de cada avaliación (80%) +

ETD Traballos propostos polo docente realizados na casa o una aula, así como o caderno do alumno e participación na aula (20%)

Recuperacións

A aqueles alumnos que non acaden unha cualificación de 5 ou máis en cada unha das avaliacións, aplicaráselles medidas de recuperación, que serán:

Realización, despois de cada avaliación ou ben no mes de xuño, das probas/s de recuperación, centradas cada unha naquela/s avaliación/s suspensa/s.

A nota obtida nas probas de recuperación representará o 80% da cualificación, á que se lle engadirá a obtida no apartado B de cada avaliación. Xa que o alumnado de cada avaliación suspensa só manterá o 20% correspondente a ETD. De aí a obrigatoriedade de presentarse ás devanditas probas.

Asistencia a exames

Cando un alumno non se presenta a un exame, este repetirase sempre e cando o profesor o considere oportuno, tendo en conta o motivo polo que o alumno faltou a el (debendo en todo caso estar acreditado de xeito obxectivo); ben entendido que isto podería ser nas recuperacións e que xa non se requirira aviso previo.

Redondeo:

Queremos facer constar tamén que a valoración do esforzo, do traballo e mesmo do nivel dalgúns alumnos/as non é avaliable só coas notas dos exames ou outros instrumentos, e reivindicamos a nosa profesionalidade, como docentes para facer, nas notas finais, correccións positivas. Aqueles que superaron estas sen ter que recorrer ás recuperacións; mostrar un interese continuo e crecente así como unha progresión contrastada na adquisición de competencias desde o inicio do curso, etc) do alumno así o aconsellen. Isto tamén forma parte do noso traballo.

Sancións por accións ilícitas relativas ao proceso de aprendizaxe

Consideramos que inculcar valores de responsabilidade individual e colectiva é un dos obxectivos fundamentais na nosa tarefa de educadores; é por iso que ante determinadas actuacións serán tomadas as seguintes medidas.

Accións ilícitas

Calquera acción destinada a obter ou proporcionar información ilícita (comunicarse cun compañeiro sen facer uso de medios materiais, mirar o exame dun compañeiro ou amosar o propio. Tamén, e no relativo a exercicios ou calquera outra actividade encomendada polo docente, copiar todo ou parte do traballo dun compañeiro. Desconto do 50% da puntuación máxima da proba.

Accións graves destinadas a obter ou proporcionar información ilícita, apoiándose en medios materiais (libro, caderno, follas de notas –chuletas-, cambio ou intercambio de exames, móbiles, MP3, MP4 ou calquera tipo de aparellos electrónicos, ou calquera outro que o profesor considere ilícito etc.) Interrupción da proba e adxudicación automática dunha cualificación de 0 puntos.

A devandita obtención ilícita de información pode referirse tamén a aqueles casos nos que o alumno presente un produto/actividade do que non ten a propiedade intelectual, é dicir non realizada por el senón obtida de Internet ou por calquera outro medio. O profesorado poderá plantexar ao discente todas as cuestión que considere necesarias, para contrastar se existe correlación entre o presentado e o nivel do alumno. No caso de non ser así, a cualificación da devandita actividade será de 0 puntos.

Accións que perturben ou alteren o normal desenvolvemento da proba (falar sen autorización durante a proba, facer ruídos, facer muecas, sentarse de forma incorrecta, utilizar calquera material sen autorización, etc.) Desconto do 50% da puntuación máxima da proba.

Ante calquera evidencia sobre a proba escrita de que determinada información foi obtida ou proporcionada ilicitamente (sospeita do uso de aparellos electrónicos, presenza na proba de información non requirida ou non explicada polo profesor, coincidencias evidentes con exames de compañeiros, ...) o profesor/a poderá en sesión posterior preguntar ao alumno todo o relativo á materia do exame, e se observa que este non sabe responder adecuadamente, poñendo de manifesto unha desproporción evidente entre os coñecementos que pode expresar oralmente e os expresados por escrito, procederase a adxudicación automática dunha cualificación de 0 puntos.